ABRENTE

REVISTA GALEGA

1

DIA DE GALICIA 1940

SI VD. DESEA ENVIAR ALGUNAS PESETAS A SU FAMILIA EN

ESPAÑA

recuerde que este Banco es tradicionalmente el preferido para esas remesas, por la eficiencia de su organización en la MADRE PATRIA

Utilizando nuestros servicios de

GIROS

obtendrá las siguientes ventajas:

1º Que el pago se efectúa con máxima puntualidad.
2º Recibirá a vuelta de Correo aviso de la fecha en que ha sido abonado sin cargo alguno al beneficiario.
3º Se le aplicará el cambio más favorable del día.
4º Si tiene mayor urgencia se beneficiará mucho utilizando el "Servicio Económico Especial" que tenemos implantado para "Giros Telegráficos".

BANCO ESPAÑOL del RIO de la PLATA Ltdo.

(UNA TRADICION EN LA BANCA PRIVADA AL SERVICIO DEL PAIS)

Casa Matriz: RECONQUISTA 200 - Buenos Aires • 47 CASAS EN LA REPUBLICA ARGENTINA

SASTRERIA FINA, DE MEDIDA
Caballeros y Señoras
— DE —
LEONARDO PEREYRA
COCHABAMBA 3588 BUENOS AIRES

VIDUEIROS & BARRITTA
SASTRERIA FINA
Julio Retorta Núñez
Representante de la Casa
SUIPACHA 232 U. T. 35, Lib. 1376

OBSEQUIAN 43 CHEVROLET
a distribuirse por sorteos mensuales

COMPRELOS EN LAS BUENAS RELOJERIAS

IMPORTADORES
MANUEL PUENTE & Cía.
Bmé. MITRE 1263 U. T. 38, Mayo 3494
Buenos Aires

ABRENTE

REVISTA GALEGA

SAN JOSE 224 BUENOS AIRES U. T. Mayo 38-5215

ROTEIROS

O NOSO DEBER

Galiza xaz agrilloada. Galiza está muda. A dôr i - o espanto deixárona sin fala.. E mester, pois, que os galegos espallados pol - o mundo falemos por ela. E mester que todol-os bós galegos que nos atopamos fora da nosa terra, ergamos a bandeira dos nosos ir máns caídos ou asoballados. Hai que continuar a laboura d'aquela mañífica xeneración, chea d'inquietudes espirituales, que, con místico fervor, percorría os camiños levando nos beizos as verbas de verdade, as verbas que infundían nos corazóns a fe do noso rexurdimento.

Abrente, a revista que oxe sai por primeira ves, ofrece as suas páxinas a todol-os homes de boa vountade que queiran contribuir a esa laboura.

Abrente, símbolo d'esperanza, loitará con todo entusiasmo pol-o renacemento de Galiza. Por elevar o sen nome, por unir aos nosos irmáns, por defender a autonomía da nosa matria, estaremos sempre na primeira liña de combate. O amor a Galiza será a úneca estrela que nos guíe no sendeiro.

Non pretendemos erixirnos en definidores, nin queremos trazar rumos; anceiamos somentes traballar por Galiza, e soio por Galiza, sin que naide poida ver n'elo outra cousa que o afán d'enaltecela. As follas d'**Abrente** non se lixarán nunca con bastardas pasións, nin con pequeneces indiñas: non queremos que o nome de Galiza sirva a ninguén d'escárneo e mofa.

Abrente non nace belicoso, non tratará d'afondal-as diverxencias que nos alexan, sinon de buscal - o punto que nos xunte. Como n'aquel dourado amañecer de Xunio do ano 36, cando Galiza enteira vibraba de xúbilo e dispúñase a cumprir co sagro deber de votar a súa liberación, así queremos oxe que todol - os irmáns, calquera que sexa a creenza que teñan, unan os seus esforzos pra recomenzal - a obra que quedón desfeita por unha inicua traizón. Non merecerá chamarse galego quen así non - o faga.

Nós, que temos lingua, cultura e problemas económicos propios, non debemos consentir que nos gobernen alleos.

Somos maores d'idade e con discernimento suficente pra darnos as leis que nos conveñen. Non necesitamos tutores; eso queda pra os que teñen alma d'escravos.

As máis grandes épocas da nosa historia, os máis grandes feitos do noso povo, foron aqueles en que a nosa personalidade estaba ben afincada. Fomos universales.

Cando toda Europa xacía sumida na negra noite medioeval, un faro lumiñoso resprandecía n'un curruncho d'Hespaña. Compostela recollía o sentir de todo o mundo, e despóis de fundilo no seu crisol, devolvíao en forma de arte, cencia, literatura, chegando a todas partes o seu poderoso influxo civilizador. O Camiño de Santiago era o maravilloso camiño da cultura occidental.

Craro está que non se trata oxe de manter un mito nin de resucitar cousas que ben mortas están; pro si queremos que a nosa terra sexa, como no antergo, unha terra d'espiritualidade que brile con caracteres propios, que dé os froitos maduros que dou nos seus mellores tempos, é necesario que sexa nosa, e nada máis que nosa.

Pero, pra conseguilo, é necesario tamén que todol-os galegos estreitemos os lazos da solidaridade, que deixemos de lado as ideoloxías políticas, que no altar do noso corazón rindamos culto a unha soia imaxen: Galiza.

Con este propósito é pol - o que sai **Abrente**, aurora risoña d'un porvir lisonxeiro. E si por eso non fora, non valia a pena de perdel-o tempo: pra facer unha pubricación máis, sin contido nin senso, mellor é gardal-a tinta no tinteiro.

Cheos d'optimismo, coa ledicia dos nenos que dan os seus primeiros pasos na vida, sin acedumes, puros como unha mañán resprendecente, escomenzamos a nosa laboura. Quizáis, pol-o mesmo que somos novos, non camiñemos âs veces ben direitos, e demos algún tropezón; mais, si esto nos sucede, non será por mala vountade, sinon por falla d'esperencia. Pedimos pois, d'antemán disculpa pol-o que mal digamos sin querer; e todo nos sexa perdonado pol-a intención que nos anima, que é loitar por unha Galiza grande e ceibe.

¡O NOSO CASTELAO!

¡Por fin chegou O Esperado!... ¡Castelao está entre nos!... Reciba o gran galego, a nosa mais entusiasmada e garimosa benvida. Abrímoslle os nosos brazos; os nosos corazóns, e todal-as portas.

A Arxentina e a nosa coleitividade fixeronlle un diño recibimento. Pódese decir sin eisaxeración, que todol-os seitores do povo arxentino e da numerosa colonia galega estaban representados no porto, a sua chegada, por intermedio dos diarios d'esta capital, destacadas personalidades políticas e artistas; delegacións das nosas entidades mais representativas: Centro Gallego, Federación de Sociedades Gallegas, Casa de Galicia, Casa de Galicia de Rosario, etc.

Vendo alí tan numeroso e representativo número de galegos, de tan diversos seitores —diversos, mais non antagónicos—, congregados o redor do nome de Castelao, tivemos a deslumbradora impresión, de que na persoa do líder e artista da nosa nazonalidade, atopou a nosa coleitividade o camiño tan longamente buscado da sua unificación.

A esto deben tender os esforzos de cantos d'unha maneira ou d-outra ourentan as múltiples entidades en que se atopa fraicionada a colonia galega d'esta capital, que por ser a mais numerosa de cantas están esparexidas pol-o mundo e por atoparse hoxe eiquí Castelao, é tamén a Capital da Galiza emigrada.

A obrigada residencia de Castelao entre nos, debe ser algo mais que un motivo de demostracións mais ou menos ultramarinas; deben desvotarse os egoistas propósitos de querer utilizalo cada un pra os seus fins particulares.

Hoxé mais que nunca, Galiza que sofre o escarnio e o crime dos seus tradizonaes nemigos, que agora se denominan falanxistas, ten postas en América i en particular en Bos Aires, as suas espranzas de liberación. Non a defraudemos.

Non deben desalentarnos os fracasos conque deica o d'agora culminaron os tenzoamentos de orgaizar a coleitividade en forma de que rendira o maisimo de eficacia en beneficio de Galiza e dos seus propios intreses. Hoxé as circunstancias son outras.

Até o d'agora, o conceuto de patria dos nos os emigrados, era un trozo de saudade, a sua comarca natal. Creían que eso era Hespaña. Cando se daban conta de que eran moi diferentes os de **"outras partes d'Hespaña"**; de que os seus caraiteres i-espritos non couxeniaban, retraíanse a lembranza saudosa do seu rincón nativo. As suas manifestacións patrióticas, limitábanse a celebración de algunhas datas políticas.

Castelao e a sua dona, rodeado de persoalidades galegas e arxentinas, que foron esperalo o porto. (Foto González)

Pro hoxe os galegos emigrados banse dando conta de que eles tiñen unha patria que non é Hespaña. Que a sua patria e Galiza. Que as patrias, coma as nais, non se ten mais que unha.

Agora este sentimento ideal de patria galega, ten tamén o líder, a representazón simbólica, capaz de congregar o seu redor a todos los galegos, coma Gandhi na India, coma Massarik en Checoeslovaquia... ¡Temos a Castelao!

Castelao, que ese crisol de valores e de estimativa que foi a guerra d'Hespaña, nos devolveu axigantado, é o noso guieiro. Estamos en guerra cos nemigos da nosa patria, da nosa libertade, do noso benestar, e precisamos un xefe que nos guíe na batalla. Este eo Castelao. O seu universal prestixio debe facérnolo indiscutible.

Que el sexa pois o árbitro das nosas custións e dos nosos destinos.

HOMES DO GALEGUISMO

ALEXANDRO BOVEDA

a: Marivi Vilaverde

Un home encheito de humanismo. Unha conducta intachabel. Escomenza galeguista. Morre galeguista, pol-o galeguismo. No ciclo da sua curta vida física somentes eisiste unha constante afirmación: Galicia. Na derradeira labarada de lus que percibe, unha angueira inmorrente: Galicia. Sempre con fe acesa, balbordante de afirmación sobrehumán: Galicia.

— Corbrídeme coa bandeira na que puxen todol-os meus sonos patrióticos. Que os meus fillos sepan que non fun fusilado por un delito. Sinon que por amar infindamente a miña Patria.



Si o mundo non andivese an mans de tolos xa teriamos creada unha fermosa lenda a carón de súa vida eterna en nos. Cicais no subconscente de celtas escomenzaríamos a tecela así: Morrer, "denantes mortos que escravos", é vivir. Da morte xurde a vida como expresión dinámico-fisiolóxica. A morte ceibanos das mans dos nosos asesiños. Non é un proceso de desintegración final. Por ela voltamos a vida eterna. A continuidade de vida podería facernos herois Pero os galegos preferimos ser mártires. E acocharnos no seo dorido da nosa Patria. A ela somentes podemos permitirlle a eisixencia d-istes sacrificios. ¡Qué val a vida diante de consideracións superiores! Bóveda vive en nós. En Galicia, para o galeguismo.

Infinda expresión actuante rebosante de dinamismo constructivo. No seu rexo carácter imperativo cinguía a mellor proieición de valor humán: o traballo. A carón seu ninguén podía permañecer inaitivo. A sua presencia impuña a obriga —casi ineludibel— de traballar. (Penso por contraposición nos diletantes nihilistas que postulan no pseudo-galeguismo). Non era de concepcións individualistas. (Individualismo —lin un dia en Ganivet— equival a persoalismo, derrotismo, laboura negativa i-en esencia desnaturalizada).

Lembro que Castelao chamáballe "O tirano", garimosamente. Expresión humorística que non se correspondía co seu temperamento.

Tiña un amprio conceito da solidaridade humán —mellor diría, irmán— e da disciplíña partidaria. (Non do clericalismo de partido —ao xeito republicán-masónico— que pensaría Unamuno. As suas concepcións implicaban decote a preexistencia dun novo estilo político. Para Bóveda encadrarse nunha orgaización político-patriótica, presupuña convicciòns enraizadas coa estructura do noso íntimo persoal. A sua concencia desleigábase da impostura.

— Pertenecer a un partido político-patriótico é facer abstracción total dos nosos persoalismos para sumarnos —como partes integrantes dun todo orgaizado— no seo dun mesmo agrupamento de idearium coincidente. E até consustancializarnos con él.

Penso que ainda sentía máis sublimemente: Até inmolar a vida en holocausto dun ideal limpa, puramente.

Por il vivía acesa a fe galeguista con redomado agarimo. Nas asambreias internas do Partido Galeguista a sua verba tiña acento conciliatorio. A pouco de iniciadas él as domeñaba co seu temperamento espiritual mesurado, ponderado. Sempre atopaba a solución rápida dos problemas máis difíciles. Seu esprito sensibel —pero pouco emotivo— sabía manterse indenne para poder xuzgar as cousas con ecuanimidade e domiño absoluto do cerebro sobor dos impulsos irrefrenabels do curazón. Convertiase pronto en arbitro único de todal-as xuntanzas. A derredeira —cicais a millor— solución de cada problema expuña il. O seu senso rector descansaba nunha formación política sólida e normativa.

(Asambreia galeguista en Sant-Yago. Debatese a comenencia de enrolar ao Partido no Frente Popular. Xurden inmediatamente duas tendencias visivelmente contradictorias. Pero il da a definitiva solución).

— Non é unha cuestión de esquerdas nin de dereitas. Somentes se trata de adoptar un novo senso histórico para o galeguismo dediante dun feito histórico irreversibel. Aceptar a realidade das circunstancias que se nos deparan ou pecharnos nun hermetismo ahistórico. Velehí o dilema.

I-asambreia decídese pol-a tesitura afirmativa. O galeguismo perderá despois un partido político orgaizado. E-coel un home integro que tivera aquella iluminada visión do vindeiro. Os sucesos concatenados do contrahistórico asolagan o Frente Popular. Pero sálvase unha conducta, perante o porvir que é a Historia. Queda un procedimiento i-unha resolución para o futuro.

Eisí pol-o valor dun home vivirá eternamente acesa a fe do galeguismo nos destiños da nosa Terra.

Tiña unha visión clarividente i-exacta dos sucesos e das cousas históricas. O Estatuto non enchía os seus limpos degoiros galeguistas. Vivía co curazón mais alá da Autonomía. Pero plegábase a ela co miolo por adaptación a unha realidade inmediata i-poerante. Vivía acorde cos tempos, albiscando no abrente dun futuro promisor de mellores venturas para Galicia. Os seos anceios iñotos (?) eran ancestrales —firmemente afincados no fondo da concencia— pero desexaba proieitalos nun alén do noso pobo inasequibel no presente. (Alén vivo, corporizado. Nou utópico, de iluminista).

PRIMEIRO SAUDO PRA OS NOSOS MARTIRES

Ser galego, rexamente galego, inconfundiblemente galego, emocional e saudoso, significa, primeiro que todo, un-a grande responsabilidades, a sinxela responsabilidade de saber ser o que se é, significa ter un-a conducta, ter un sentimento, sentir a saudade, amar a libertade e loitar por ela, e, sobor de toda cousa, sentirse poseído d'un grande e profundo sentimento de humanismo.

Así foron, así se comportaron, e por estas cousas viviron e loitaron os nosos groriosos antepasados de todol-os tempos. Viviron sendo esencialmente útiles a humanidade no traballo, na creación artística, nos movimentos sociais, nas cencias, nas descobertas, e en todal-as demais multiformes manifestacións do espíritu e do intelecto. Decote o seu pensamento estivo ao servicio e en defensa da libertade, e s'algun-a vez tiveron que botar mau das armas, foi tamén pra defender a libertade. Libertar ao seu Pobo e a outros pobos da ignorancia, da escravitude, das tiranías e da inxustiza.

Os nosos loitadores e mártires, poetas e trovadores, sabios e artistas, navegantes e descubridores, fixeron sempre da libertade un apostolado; a libertade foi sempre o seu mais amoroso desacougo, por ela viviron e loitaron e por ela souperon morrer, porque a libertade foi sempre o "leit motiv" da sua existencia, e un-a suprema forza interior os obrigaba a defendela porque a libertade foi sempre e sigue sendo a condición conxénita dos galegos mais acusada.

Ista liña de conducta, iste vieiro, iste exempro maravilloso que os nosos antigos nos deixaron en herdo, foi continuado brillantemente no seo da Terra pol-a altiva e xenerosa mocedade galega d'oxe; que, anque carecendo de meios e recursos, loitou sin trégola e sin cuartel, e ainda oxe sigue loitando nos montes da nosa Terra contra os ladros da nosa honra, opresores da nosa libertade, enemigos criminais do noso direito a vida.

No fondo do mar do litoral galego, nos poéticos ciminterios galegos, e nos simples montes e milleirais, repousa o mais frorido da mocedade galega, aquela mocedade que levaba no bico un cantar e na fronte un-a estrela de libertade, aquela mocedade que soupo continuar heroicamente a tradizón liberal dos grandes galegos do Medulio, dos Hirmandiños, da Frouseira, de Carral...

A esa mocedade heroica e bela que loitou, e caiu mordendo a Terra Nai cun postreiro Viva Galiza Ceibe nos beizos, a esa mocedade flor da Patria Galega, vai o noso primeiro saudo, a nosa mais afervoada lembranza, o noso corazón todo...

Guiados pol-o seu exempro magnífico, xuremos ser diños d'eles. Diante da bandeira galega, que eles soñaron ver ondeando nos campos e vilas da Nosa Terra; a bandeira que levou dend'a Habana, envolveito nos seus plegues o corpo querido de Curros Enriquez; a bandeira que cubriu o cadaleito de Rodriguez Cadarso; a bandeira na que o inmorrente Alexandro Bóveda pediu aos seus verdugos que envolveran o seu corpo despois de morto; diante da bandeira símbolo da Nosa Patria benamada, xuremos loitar sin acougo, até conquerir a libertade e redención da Nosa Patria única e verdadeira:

¡GALIZA!... ¡GALIZA!... ¡NAI GALIZA!...
¡¡TERRA A NOSA!!

Johan G. Francisco.

—Eu sei que as ideias non poderán coutarlle as alas. As miñas voarán pol-o mundo endiante. Espallaránse, apousentando en outras concencias diñas da nosa Terra. Farán prosélitos. Verédelas revolotear a carón das vosas cacholas marcadas. E o mito (?) que revive incesantemente Serán como unha ola humán. Primeiro leda, de remanso. Logo ollaredes como vos envolta soerguendo os espritos arredor voso. Romperá con cercos, cos grilos, coas cadeas... I-entón erguerémonos os que coidarades mortos para cantar as estrofas dun hiño lumioso de libertade. Ala lonxe desdibuxaráse ista lenda: GALICIA E CEIBE.

Moitas vegadas pensando que pensaría Bóveda intres denantes de asesiñado atopeime con esta visión agolpada do seu pensamento. ¡Pero nin xiquera poido ollar realizado seu mediato anceio de presente! Agora está alá, no alén soñando con aquel presente esvaido, distante como os seus sonos en vida do futuro.

Representaba unha expresión política difrente. Abranguía elementos equidistantes para crear un solo tono de ética política pública. Cando os problemas da concencia preocupaban aos mais il xa os tiña estudados, resoltos. Sempre adiantándose a provocar preresolucios dos feitos que tardiamente embargaban despois a atención dos retardatarios. Antipicipábase con premisas claras a discusións ulteriores.

—No fondo da aitual situación creada non hai problemas de oríxen relixioso. O esquerdismo non se mide pol-a arrelixiosidade, nin pol-a contrarelixiosidade. Istes son problemas íntimos, sobrehumáns. En tal caso, cando falseados, convirtense en antagonismos de política da vella escola. De ultramontanos e liberales mal educados. Tratase de ser esquerdista en dos sensos: social iéconómico. Níste aspeito non pode haber mais que avanzados e retrógrados.

Emporiso respetaba as convicciónsintimas dos mais. Era profundamente transixente néste órden de siñificado humán. Por ser transixente, humán, asesiñarono os intrasixentes, os impostores das creencias de Cristo. Foron os falseadores, os incrédulos, os anti-humáns... Bóveda dende o cerne da sua i-alma sublime ainda sería capaz de perdoalos. "Pero Cristo, o Cristo humán do Calvario, escarnecido e vilipendiado pol-os mesmos impostores d-onte non os perdoaría".

Bóveda: unha estampa inmaterial na lembranza de tudol-os bos e xenerosos. Unha concencia limpa, augural. Unha conducta irreprochabel. Descansa no seo mater, dorido, acolledor da nai Terra. Primeiro cruceiro de carne i-oso, en infindo hieratismo, pedindo en todol-os camiños de Galicia a xusticia dos tempos. Pensando no presente, soñando esperto no vindeiro. Como onte, como sempre... Lección inolvidabel para as novas xeneracións de Galicia. En todol-os curunchos de Galicia resoará o seu esprito rexo, ergueito, vivido. Morrer, "na frente unha estrela, nos beizos un cantar", é vivir na memoria omnipresente dos demais irmáns. Símbolo, estampa rediviva do esprito dun pobo superior, que deu vida as pedras, que dotou de i-alma as montanas. E que fixo inmorrentes os seus mortos: precursores e mártires.

Un pobo eisí —contra tudo, por enriba de tudo— forma parte da posteridade. I-a posteridade será sempre, perennemente, a tua lembranza eterna: ALEXANDRE BOVEDA.

Bs. As. 17-VIII-40. VICTORIANO BUXAN RIVAS.

ARTE FOTOGRAFICO



"REDES O SOL"

Por el Doctor JOSE SUAREZ

Castelao en Casa de Galicia

Grabado. Por Maside.

Como invitado de honor o "lunch" que se deu os artistas que tomaron parte na función do Día de Galicia no Teatro Maravillas, Castelao estivo na nosa casa ó día 27 pol-a tarde acompañado da sua muller. Foi recibido pol-a Comisión, os artistas do Conservatorio, coristas de Ultreya, gaiteiros e bailarins, os que corearon ó noso Hino cando Castelao e a sua dona entraron na nosa casa.

Dimpois de saudar as xentes que alí se atopaban, ó presidente de Casa de Galicia, Dr. Ramón Rey Baltar, agradeceu os artistas a sua brilante e desinteresada colaboración prestada no festival do Maravillas.

Logo Emilio Pita dixo unhas verbas, señalando a necesidade de encarrilar o noso arte por vieiros de acesa dignificazón.

Dimpois dunha afervoada salva de aprausos, falou Castelao, ó que fixo unha emocionada lembranza histórica que as nosas xentes aprau-diron con rexa emotividade. Istas verbas que Castelao tivo a fina xentileza de sintetizar, a pedido noso pra os socios de Casa de Galicia é os leitores de ABRENTE podan valorar a gran visión que ten das nosas cousas.

Eiquí as verbas de Castelao:

Calquera que pretenda estudar o carácter galego a través das nosas grandes figuras —Prisciliano, Paulo Orosio, Xelmírez, Andrade o Bó, P. Feixóo, Pablo Iglesias, etc.—, non atinaría a formular unha definición; pero deténdose na moitedume de figuras e de feitos decisivos da nosa hestoria non duvidará en decir que Galiza é un pobo sentimental e xeneroso que endexamáis soupo prever o que lle conviña. Se o catador do pasado é un galego doblará todal-as follas da nosa hestoria e quedaráse en tristura, perguntándose a si mesmo por qué Galiza non foi un Reino independente no intre da súa groriosa eclosión cultural, cando de feito era o cerebro de Hespaña e o cume de Europa. Endexamáis comprenderá as indecisións de Galiza entre Portugal (retallo da nosa nación) e Castela. Este catador cicais se deteña a meditar encol de dúas figuras femeninas, que simbolizan a indecisión amorosa e desventurada de Galiza: en Inés de Castro a Xohana de Castro; dúas irmáns galegas que deron o seu corazón a príncipes non galegos. Inés reinou en Portugal dispois de morta (este é o reinado firme da nosa língoa e da nosa cultura alén do Miño); Xohana foi raiña de Castela n-unha soia noite morna de vrau (este é o reinado efímero do noso esprito e o desvío aldraxante con que se pagou a nosa xenerosidade). E o catador galego endexamáis comprenderá o sacrificio que o irmán de Inés e de Xohana realizaron por fidelidade â promesa xurada, morrendo no desterro por servir ao rei que abandonaron a súa irmán para que na súa sepultura campase este epitafio: "Aquí yace toda la lealtad de España". Lealtade insuperable, que podía campar igoalmente na sepultura de moitos galegos; pero lealdade de can. E o catador da nosa hestoria doblará todal-as súas follas e dispois procurará esquecer o pasado, para fundar as súas espranzas na forza máxima da terra, que apesares dos homes-guías soupo conservar a lingoa, o esprito e a cultura que nos fai diferentes i eisistentes.

CASTELAO

"PESCANTINA DE SOAGE" Dibujo de RIBAS

ENVIO AS MOCEDADES

Temos que crear o noso Baile Nacional

As Mocedades Galegas de Bos Aires, que tenzoan orgaizarse, seguindo o xurdio exempro d'aquela FEDERACION DE MOCEDADES GALEGAS, as que o seu afervoado amor por Galiza e a sua libertade, fixoas vitimas preferidas do falanxismo hespañol, retrasmetimos esta iniciativa que o grande Boveda lle lanzara os de Galiza.

A mellor forma de honrar a memoria dos nosos herois e mártires, e levando adiante a laboura por eles principiada.

Gaveando no auto de liña por terras de Carballedo e Soutelo dos Montes; atravesando a lombo d'istes pra descer polas impresionantes ladeiras do Paraño; deixando atrás a fartura de Carballiño, Dacón e Maside... asómase un ao Miño, solene e calado, que nos guía camiño de Ourense.

Un par de días na cibdade nadal, aproveitados no agarimo do fogar paterno e na tertulia con amigos e irmáns de ideal. E tamén na compaña leda dos mozos da F. M. G., aos que van principalmente adicadas istas liñas.

Os seus azos, o seu entusiasmo, a súa fe, a súa ledicia contaxiosa, son un bo presente de espranza pra cantos consagramos a Causa galega os nosos afáns. A obra dos mozos ourensáns da F. M. G. é xa algo máis que unha promesa: é unha xurdia e alentadora realidade en marcha, cuio pulo creador inda non é posible valorar con xusteza.

Entendo que as mocedades patrióticas galegas toparon alí o seu camiño e se salvaron das vacilacións i-encrucilladas en que as de toda a nosa Terra andaban metidas. No seu "Guieiro", nos seus orixinaes aitos púbricos de proselitismo, na súa aitividade asoma o afán mozo e ledo de afirmar e construir, na mesma medida en que remite o da crítica infecunda e negativa ou a da obedencia cega en que (n'ista hora de fonda crise de valores i'estimativa que a Humanidade vive) inda anda perdida a de outros pobos ¡os nosos mozos e a obra patriótica que lles está confiada están a salvo! ¡Con cánta ledicia e con qué gran respiro o escribe un!

Os mozos ourensáns, capaces de orgaizar o seu acto orixinal de Celanova, donde catro ou cinco milleiros de persoas corearon os seus cantos patrióticos antre cada dous discursos fixéronme concebir unha esperanza: a de que, así como temos xa un Himno, unha Bandeira, uns Cantos —elementos que poden parecer a algúns baladís, mais que teñen unha importante misión en todo Rexurdimento— teremos tamén axiña o noso Baile Nacional.

¿Haino? Sí. A nosa Redonda, que pode ser bailada a un tempo, c-un ritmo, e co mesmo punto, por centos ou milleiros de persoas. Eu confío nos mozos.

Teño a seguranza de que iles serán capaces de incorpora á nosa Obra este novo elemento. Un día da nosa Festa Grande acudirán a Compostela de todol-os puntos cardinás da Terra milleiros de mozos que consagrarán o noso Baile. I-en Galicia toda, cando se escoite aquela muiñeira, precisamente a que bailaron eles, as xentes, por enriba de difrencias e castas (como en Cataluña cando se escoita a sardana) rimarán os puntos do Anceio común.

Irmán, Ben-Cho-Sey: Eu confío ne-les.

Alexandro Bóveda

A Patria Galega

A Patria é a terra-nai que nos dona todol-os elementos da nosa vida, crisol onde se funde o corpo e a alma da Raza; as leises, tradicións, constumes, fala...

A Patria son nosos abós, de quen erdamos o sangue das nosas veas; somos hoxe nosoutros mesmos; han sere mañán os nosos descendentes, os nosos fillos cos nosos netos.

A Patria é a lingoa enxebre, espresión do noso traballo, vos da alma da Raza que ata a todol-os galegos que foron, o's que son e os que serán, co vencello de ouro da mesma parola, do mesmo pensar e do mesmo sentir.

A Patria Galega é unha cousa xurdia, certa e verdadeira. E a terra fermosa cal non outra. E a Raza Céltica do porvir sonril e lumioso. E a lingoa da armoñía, bandeira groriosa da nosa cultura e liberdade.

A Patria é toda a vida do home, dende o berce deica a cova. O amor a' terra onde un foi nado é a outa virtude que enche todal-as demáis virtudes.

Victoriano Taibo.

Aquella Tierra Galaica

Estaba pensando; y pensando, decía que aquel pedazo de tierra tan diminuto, que ocupa una ínfima parte de España, debía de ser grande, grande ante todo por ser Galicia; grande por sus inigualables paisajes y más grande aún por sus pobladores y costumbres. Y pensando, decía que yo, tendría que haber sido gallego para poder pintarla mejor.

¿Qué pluma podría describir esas tierras maravillosas llenas de realidad? ¿Qué orador podría ensalzar esas fiestas, que no se pueden ni se quiere olvidar en toda una vida? ¿Qué psicólogo tendría un motivo para definir aquellos hombres y aquellas mujeres tan llenos de generosidad y de valentía?

En fin, estaba pensando que para describir aquella tierra galaica, hay que conocerla profundamente a pesar de su sencillez y para conocerla mejor, hay que sentirla.

FRANCISCO ALBERTO CERNELLO

"ESTAMPA"

Por CASTELAO

Verbas pra o meu relembro - II

Unha noite calquera n-unha baiuca de veiramar.

A choiva cantaba fora unha cantarela de nenos. I-o baiuqueiro, enxoito e sangal, escanceaba a purrela nova nas cuncas dos catro peixeiros que abesullaban a noite pol-a fiestra de vidros verdelixados.

Eu peniscaba no corpo frixido d'un bilurico. No intre de lle ripar o corazón, lembreime de min; e tamén d'un mariñeiro cambadés que ceibaba nas rúas un pregón ríspido, esgazado cal debeu ser o derradeiro chirro dos biluricos que levaba en bambeante camballada.

E descasí, o pregón do cambadés era música. Riscaba manseliñamente até arrepiar a miña carne toda con arrepíos que Nonila saboreaba feita un novelo no meu colo. "Anda toliño o meu moreno, nonsí?..." Chuchaba eu o caravel murcho da súa boca, i-ela, alagoada de contentamento, rompía n-un pranto axiña atricado por unha tos que remedaba o pregón do pregoeiro cambadés.

Probe Nonila!... Nena podre... Se non estivera eu tan lonxe de min mesmo, levaríalle nas albas, auga virxe pra se lavar, anapelos dos prados pra tinxir as fazulas, bicos acesos pra o lume morto dos seus ollos...

Esto dixen en unha noite calquera n-unha baiuca de veiramar. O taberneiro ficou a ollar pra min con ollos pampos. Os catro mariñeiros fitáronme tamén. E fora, encol da noite, a choiva cantando romance inxelo, rondaina de nenos orfos...

Esto mais dixen eu: "Eh, señor dos pipotes!... Vostede non ten filla púber e tísica, nin sabe contos de fadas, nin tangue no acordeón. Daquela, máteme".

Lémbrome, e non ceibo riso nin faixel de vergoña.

Porque eu ben sei que de rapaz andiven adoentado de romantismo.

PRIETO MARCOS

Os nosos artistas

Castelao, Ribas, Colmeiro, Seoane, é Suárez, tiveron a xentileza de enviar colaboracións artísticas pra iste número de ABRENTE. Os nosos lectores poden xuzgar, con criterio é imparcialidade, e han de decatarse pol-a mostra, que hoxe ningunha parte de Iberia, nin de moitos países cultos no que o arte ten un desenrolo normal, poden presentar unha mostra de tan outo valor como que hoxe realizamos dende istas paxinas. Castelao, con isa magnífica estampa chea de dolor é humanismo, a que nos ten acostumados no seu novo arte posterior a guerra. Ribas, ca sua Pescantina de Soage, estampa enxebre é rexa, como a vida dos nosos mariñeiros. Colmeiro, co seu óleo xuntando Folla, no que mostra a sua tendenza, a describir os nosos tipos de muller, rudas pro traballo. Seoane, na portada racialmente galega, dunha muller xuntando landras, ó pé do celtíco carballo. E Suárez, na sua mostra fotográfica, Redes ó Sol, que e todo un alerde de técnica.

Nos ó agradecer a todos iles, a fineza tida pras paxinas de ABRENTE, solo desexamos, que ó noso arte, cautive n'iste intre especial, a emotividade dos moitos e novos ademiradores que os galegos estamos conquerindo.

A FALA

•

Noble e armoniosa
Fala de Breogán,
Fala boa, de fortes
E grandes sin rival;
Ti do celta aos ouvidos
Sempre soando estás
Como soan os pinos
Na costa de Froxán;
Ti nos eidos da Celtia
E co tempo serás
Un lábaro sagrado
Que ao trunfo guiaras
Fala noble, armoniosa
¡Fala de Breogán!

—

Ti sinal misterioso
Dos teus fillos serás,
Que pol-o mundo dispersos
E sin abrigo van;
E a aqueles que foran
N-unha pasada edá
Defensores dos eidos
Contra o duro román
E que ainda cobizan
Da terra a libertá
N-un pobo noble e forte
Valente axuntarás...
¡O fala armoniosa,
Fala de Breogán!

—

Serás épica tuba
E forte sin rival
Que chamarás os fillos
Que aló do Miño están,
Os bos fillos de Luso,
Apartados irmáns
De nós por un destino
Envexoso e fatal.
Cos robustos acentos
Grandes os chamarás
¡Verbo de gran Camoens
Fala de Breogán!

† **Eduardo Pondal.**

Itinerario Lírico da Poesía Galega

Selección e Notas por EMILIO PITA

MARTIN CODAX

Un dos mais finos poetas trovadorescos que froleceron no momento xurdio da lírica galego-portuguesa, na mitade do século XIII, foi Martín Codax, de Vigo.

Martín Codax deixou nas súas poesías delicadas e rítmicas, e na súa música, creada pra esas poesías, á historia doce dos seus amores. N'elas apúntase un crarificado ritmo de muiñeira e alborada, e a ausencia tonal e melódica de zume relixioso-medioeval, envolta o canto. Dúas d'esas cántigas foron cantadas pol-a gran contralto arxentina Dalila Saslavsky na conferencia que encol da música galega dín o ano 1939 na Casa de Galicia.

A exquisita poesía de Martín Codax que vai a continuación, leva o número 1.278 do Cancioneiro de Colocci-Brancutti, e o número 884 do Cancioneiro da Vaticana.

CANTIGA

Ondas do mar de Vigo,
si vistes meu amigo!
e ai Deus, se verrá cedo!
Ondas do mar levado,
se vistes meu amado!
e ai Deus, se verrá cedo!
Se vistes meu amigo,
o por que eu sospiro!
e ai Deus, se verrá cedo!
Se vistes meu amado
por que ei gran cuidado!
e ai Deus, se verrá cedo!



ALVARO CUNQUEIRO

Alvaro Cunqueiro é un dos poetas galegos da nova xeración, de mais crara persoalidade. A súa poesía, de líricas e idílicas dimensións, está fondamente enraizada na tradición da nosa poética. De requintada sensibilidade, cateador da mais pristina beleza, aporta a lírica galega as suas fresqueiras imaxes, límpidas e escintilantes como orballo albariño. A súa poesía pura, é decir, poesía poética, xa conta cun ronsel continuador. Poetas menores como Xácome e Johan Ramos, siguen a súa técnica lírica.

Cunqueiro naceu en Mondoñedo ó ano 1909. E de estatura outa e extraordinariamente delgado. Ademais de poeta é un finísimo prosista e crítico d'arte. Posee unha mesta cultura literaria e filosófica.

Tén pubricados tres libros de poesías: MAR AO NORDE (Nós, Santiago, 1932); POEMAS DO SI E NON (Lugo, 1933); CANTIGA NOVA QUE SE CHAMA RIVEIRA (Resol, Santiago, 1933). D'este derradeiro é a belida poesía que pubricamos, que tén o cheiro lousano dos vellos cancioneiros medioevales.

NO NIÑO NOVO DO VENTO

No niño novo do vento
hai unha pomba doirada
meu amigo!
Quén poidera namorala.
Canta o luar i-o mencer
en frauta de verde olivo.
Quén poidera namorala
meu amigo!
Ten ares de frol recente
cousas de recén casada
meu amigo!
Quén poidera namorala.
Tamén ten soma de soma
i-andar primeiro de río.
Quén poidera namorala
meu amigo!

UN AMIGO DE LOS GALLEGOS

El Doctor Nestor Aparicio

Cuando se ha tenido la suerte de conocer y tratar al doctor Néstor Aparicio, se recibe de inmediato la impresión de hallarse en presencia de un gran tipo humano. Recio perfil, que denota bien claramente su ascendencia vasca, y al que da expresión de cálida humanidad, una bondadosa y cordial sonrisa. Físico poderoso, que es continente de un fino y a la vez vigoroso espíritu de selección.

Es un hombre público, entregado a la cosa pública; es decir: un político. Pero un político en la más pura acepción de la palabra; que entiende la política como sacrificio, no como beneficio.

Es hombre de leyes pero no un leguleyo. En la ley de la eterna contradicción, sabe que, así como en momentos de subversión, es necesario apelar a la guerra para defender la paz, para la defensa del orden y la legalidad, es a veces preciso recurrir a la violencia. Fracasados, burlados los medios de convicción, sabe recurrir a los más contundentes. Los pasados hechos de San Juan, en los que el plomo puso fin a situaciones que parecían eternizarse, son prueba terminante de ello.

Es en suma, una moralidad diamantina; un carácter inconmovible en la práctica del bien. Y en estos momentos de crisis porque atraviesa la humanidad, crisis más de valores morales que de intelectuales, estas condiciones son doblemente estimables y ejemplares, tratándose de un hombre de su significación en la vida pública argentina.

Es la suya una vida de estudio y aventura. Doctor en jurisprudencia y profesor de Derecho, se graduó también en la carrera diplomática. Fundó diarios y fué director del decano de los diarios de la provincia de Buenos Aires: "La Patria". Dos veces diputado en dicha provincia, donde presidió varias comisiones internas y luego la representó también como diputado nacional, siendo presidente del bloque de legisladores radicales. Ocupó dos veces el jurado de enjuiciamiento de magistrados. Fué concejal e intendente reelecto.

Es autor de varios libros de derecho, entre ellos, "La Compensación en Materia de Liquidaciones" y "Tratado de Derecho Mercantil Marítimo", al que el doctor Melo, indiscutible autoridad en la materia, reputa superior a las publicaciones similares, como la "Boeuf", de la que se sirven para sus exámenes los alumnos de la universidad de París.

Su foja de aventuras no es menos interesante que la del estudioso y el político. Vive su vida como una aventura, como quiere Wells. Su indomable civilidad, el ser una "chaqueta enhiesta", que dice Ossorio y Gallardo, le llevaron de las más altas posiciones que ocupaba en el gobierno de Irigoyen, al destierro, cuando el golpe militar del general Uriburu.

